

RESOLUCIÓN DEFINITIVA DE CONCESIÓN DO VII PREMIO A TRABALLOS FIN DE GRAO E TRABALLOS FIN DE MÁSTER SOBRE O CAMIÑO DE SANTIAGO E DAS PEREGRINACIÓNS – 2024

Mediante a Resolución reitoral do 31 de xaneiro de 2024 convocouse o *VII Premio a Traballos Fin de Grado e Traballos Fin de Máster sobre o Camiño de Santiago e as Peregrinacións 2024* da Cátedra do Camiño de Santiago e das Peregrinacións da USC.

De acordo cos apartados 2 e 5 da convocatoria, e unha vez finalizado o prazo para presentar alegacións á resolución provisional de concesión do premio sen que se tivese presentado ningunha, esta vicerreitoría resolve:

Primeiro.- Elevar a definitiva a valoración provisional dos traballos presentados, publicada con data 24.10.2024 no taboleiro electrónico da USC.

Segundo.- Publicar a concesión do premio da convocatoria, por un importe de **500 € (cincocentos euros)**, acompañado do correspondente diploma acreditativo, ao traballo presentado por:

María Belén Pucci González

Título do TFM: Análise da representación da muller nas películas do Camiño de Santiago e a relación co Turismo Cinematográfico.

Titulación: Máster en Planificación e Xestión de Destinos e Productos Turísticos (UDC)

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Gumersindo Feijoo Costa

Vicerreitor de Transformación Dixital e Innovación

(por delegación de competencias, RR. do 21 de abril de 2022, modificada por RR do 26 de setembro de 2023)

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: GUMERSINDO FEIJOO COSTA, VICERREITOR DE TRANSFORMACION DIXITAL E INNOVACION, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 07/11/2024 09:09:54.

CSV: B6DD-E304-493B-9E02